



Entrega informada de medicamentos e produtos sanitarios Supostos especiais de entrega de medicamentos e produtos sanitarios a domicilio.

A Lei 3/2019, de 2 de xullo, de ordenación farmacéutica de Galicia establece no seu artigo 7.1 un suposto especial de entrega de medicamentos e produtos sanitarios para que con carácter excepcional, " **ás persoas usuarias que residan en zonas rurais illadas ou sexan dependentes, cunhas características e necesidades asistenciais específicas, nas que concorran perda de autonomía funcional e necesidade de coidados por enfermidades crónicas**, poderán serlles **dispensados os medicamentos e produtos sanitarios, coa entrega informada destes no seu domicilio** e co cumprimento das garantías en materia de dispensación de medicamentos e produtos sanitarios impostas pola normativa aplicable, por unha das cinco oficinas de farmacia máis próximas ao domicilio do/da paciente dentro da zona farmacéutica ou, por expresa decisión do/da paciente, por outra oficina de farmacia da mesma área de referencia do punto de atención continuada. En todo caso, sempre deberán ser cumpridas estritamente as garantías sobre a calidade e o control sanitario para calquera destas entregas,".

A excepcionalidade contemplada no RD 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado alarma para a xestión da situación de crisis sanitaria ocasionada polo COVI-19, xunto coa necesidade de asegurar a dispensación de medicamentos e produtos sanitarios daquelas persoas máis susceptibles de padecer complicacións pola devandita infección, así como a necesidade de asegurar o illamento a domicilio dos mesmos, aconsella habilitar a prestación contemplada no artigo 7.1 da Lei 3/2019 mentras dure a declaración do estado de alarma.

O que se comunica aos Colexios Oficiais de Farmacéuticos de Galicia e a Inspección Farmacéutica dependente da Consellería de Sanidade.

Santiago de Compostela, 16 de marzo de 2020

Alberto Fuentes Losada

Secretario Xeral Técnico da Consellería de Sanidade

